



Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación deportiva galega de Automobilismo para a organización dos campionatos galegos de rallys (rallys asfalto, rallymix e rally montaña) no ano 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Subdirectora xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coa Federación deportiva galega de Automobilismo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24 de xuño ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A organización dos campionatos galegos de rallys para o ano 2016 nas modalidades de rally de asfalto, rallymix e rally montaña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Establecer para o ano 2016, as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Automobilismo, co fin da realización dos Rallys: asfalto, mix e montaña.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a nove de decembro de 2016

